



EXPEDIENTE: 2024/SUBCC/000014

Bases e convocatoria para a concesión de axudas para as e os deportistas participantes nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024

O Concello de Pontevedra, dentro das súas competencias de promoción do deporte e consciente das dificultades que teñen moitas e moitos deportistas para poderen adestrar e competir ao máximo nivel, polo elevado custo que supoñen os desprazamentos, licenzas federativas, equipamentos..., considera necesario aprobar unha liña de axudas a deportistas participantes nos Xogos Olímpicos (XX.OO) e Paralímpicos (XX.PP) de París 2024.

En concreto, estas axudas convócanse para apoiar as deportistas pontevedresas e pontevedreses, como medio para promover o deporte no municipio, e desta forma, conseguir logros deportivos para a cidade de Pontevedra.

Sobre esta base, é oportuno promover o deporte, a competencia deportiva de rendemento e a excelencia deportiva, e neste sentido enmárcanse as axudas destinadas ao apoio das persoas deportistas vencellados ao municipio de Pontevedra e a súa preparación para os Xogos Olímpicos e Paralímpicos.

Con estas axudas preténdese promover a práctica e ao rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e a obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como facilitando a súa participación nesta competición deportiva que supón o máximo nivel.

A promoción do deporte alto nivel, como factor esencial no desenvolvemento deportivo, supón un estímulo ao deporte de base, pola función representativa do Concello de Pontevedra nas competicións deportivas oficiais do máximo nivel, así como polo apoio á constancia, ao esforzo e ao sacrificio que esixe o adestramento e a dedicación dunha disciplina olímpica.

1. Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as condicións, os requisitos e os procedementos para a concesión de axudas ás e aos deportistas vencellados ao municipio de Pontevedra que participen nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024.

2. Alcance e persoas beneficiarias

As axudas destinaranse a apoiar e posibilitar a participación das e dos deportistas vencellados ao Concello de Pontevedra nos Xogos de París 2024, premiando a representación do Concello de Pontevedra coa selección nacional nas diferentes modalidades dos XX.OO e XX.PP. de París 2024.

Poderán beneficiarse desta convocatoria as e os deportistas que cumpran cos seguintes requisitos:

- Participar como integrante na selección nacional nos XX.OO ou XX. PP.de París 2024.





- Non estar cumprindo ningunha sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave
- Levar polo menos desde o 1 de xaneiro de 2024 empadroadada ou empadroadado no Concello de Pontevedra, nacer no Concello de Pontevedra ou ter certo grado de permanencia e/ou vinculación co Concello; Para demostrar arraigamento na Cidade de Pontevedra a través dalgunha das seguintes formas:
 - Vivir e/ou adestrar regularmente na cidade de Pontevedra
 - Estar matriculado nun centro oficial de estudos na cidade de Pontevedra.
 - Ter un contrato de traballo nunha entidade con sede na cidade de Pontevedra e exercelo dentro da cidade.

En todo caso, será o órgano instrutor o que determine o cumprimento dese requisito tras analizar cada unha das solicitudes presentadas.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria as e os solicitantes nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Crédito orzamentario

Para o financiamento destas subvencións destínase unha contía total máxima de 35.000,00 € que se imputará á aplicación orzamentaria 01/3410/489.14 do orzamento para o ano 2024.

O importe da axuda será o resultado do reparto do crédito máximo da convocatoria (35.000,00 €) entre o número de solicitantes declarados como beneficiarios da axuda na fase de instrución, con un importe máximo por beneficiario de 5.000,00 €.

A contía establecida poderá ser incrementada nun importe máximo de 15.000,00 € por resolución do órgano competente, sen necesidade dunha nova convocatoria, con cargo ao crédito existente na aplicación orzamentaria 01.3410.22602, logo de que se tramite o expediente de modificación de crédito e a correspondente fiscalización por parte da intervención municipal, de acordo co disposto no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS.

4. Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con premios e axudas económicas recibidas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración, entes públicos ou privados, galegos, estatais e/ou da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano competente a súa obtención.





5. Procedemento de concesión

Convocatoria pública mediante o procedemento abreviado previsto nos artigos 22 e 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (réxime de concorrencia non competitiva). En consecuencia, non será necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas, atendéndose unicamente ao cumprimento efectivo dos requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria.

6. Solicitudes e documentación a achegar

As persoas interesadas en obter a bolsa do Concello de Pontevedra deberán achegar a seguinte documentación:

Anexo I. Solicitude.

Comprende:

- Solicitude da axuda
- Solicitude de pagamento no número IBAN da conta bancaria indicado.

Anexo II. Declaración responsable.

Comprende:

- Que os datos dos modelos son certos e que a entidade cumpre coas obrigas das bases reguladoras e demais normativa reguladora das subvencións.
- As bolsas e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía.
- Que non ten pendente de xustificación, fóra de prazo, ningunha subvención co Concello de Pontevedra.
- Que cumpre coas obrigas do reintegro de subvencións.
- Que non incorre nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a do artigo 13.2 da citada Lei 38/2003.
- Que está ao corrente de pago das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria do Estado, coa Seguridade Social, coa Facenda da Xunta de Galicia, así como co Concello de Pontevedra. Que dispón da documentación que o acredita, e que a porá a disposición do Concello cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das súas obrigas durante o tempo que dure o procedemento.
- Que se cumprirá coas medidas esixibles de difusión do financiamento municipal da actividade, conforme ao disposto na base 14 das que rexen a presente convocatoria





- Que se empregará a lingua galega nas publicacións, publicidade e a produción escrita da actividade subvencionada.

Documentación

- Certificación federativa da súa participación nos Xogos Olímpicos ou Paralímpicos de Paris 2024.
- Certificado pola federación correspondente, no que se acredite que a persoa solicitante non está a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva cualificada como grave ou moi grave.
- Documentación acreditativa de arraigo, permanencia ou vinculación no Concello de Pontevedra:
 - Acreditación de nacer no Concello de Pontevedra: mediante certificado de nacemento ou DNI.
 - Acreditación de vivir, traballar, estudar e/ou adestrar regularmente no Concello de Pontevedra.
- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

7. Presentación

A instancia de solicitude da subvención, xunto coa restante documentación, presentarase preferentemente por medio electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal>).

As solicitudes poderán tamén presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica do Concello de Pontevedra admite os certificados do sistema clave, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistema de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído DNle).

O prazo de presentación de solicitudes empezará a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base Nacional de Subvencións. O prazo permanecerá aberto ata o 30 de setembro de 2024.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados nas presentes bases, requirirase ás persoas solicitantes para que no prazo de 10 días hábiles emenden as anomalías advertidas procedendo, no caso contrario, ao arquivo da solicitude.





8. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes.
- Certificado de empadramento onde conste a antigüidade do mesmo.
- Certificación de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Pontevedra.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos datos citados poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

9. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e solicitar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións realizaranse a través do servizo de notificacións electrónicas, dispoñible na Sede electrónica do Concello de Pontevedra. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo que conste na súa solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta sexa consideradas plenamente válida.

10. Instrución

A instrución do procedemento correspóndelle á dirección do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra.

Por tratarse dun procedemento abreviado regulado no artigo 22, relación ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (réxime de concorrencia non competitiva), unicamente o órgano instrutor deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A proposta de concesión formularase polo órgano instrutor directamente ao órgano concedente da axuda.





A proposta de concesión non crean dereito a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á administración mentres non adopte o acordo polo órgano competente.

11. Resolución

A Xunta de goberno Local do Concello de Pontevedra, tendo en conta a proposta de concesión formulada pola persoa instrutora, resolverá o procedemento. A resolución será motivada e conterà, de xeito expreso, a desestimación das solicitudes que non acaden subvención.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, computándose o prazo dende a convocatoria.

O vencemento do prazo sen ter notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

12. Medio de publicidade das bases e das axudas, transparencia e bo goberno.

As bases da convocatoria e o acordo de concesión das subvencións serán publicados na Base de datos Nacional de Subvenciones, como sistema nacional de publicidade das subvencións, segundo o previsto no artigo 20 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Asemade, aos efectos do previsto no artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, publicarase no taboleiro de anuncios e no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra as subvencións concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.

13. Aceptación da axuda e compromisos

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación do outorgamento, non manifesta nada en contra.

14. Obrigas das e dos deportistas

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas na Ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. En particular, deberán:

- Cumprir e aceptar todo o estipulado nestas bases.
- Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento das axudas.
- Participar ou colaborar nas actividades de difusión co fin de demostrar o grado de aproveitamento destas axudas, así como nas actividades de promoción do deporte que poida programar o Concello





de Pontevedra.

- Asistir ao acto de agradecemento que, no seu caso, organice o Concello de Pontevedra.
- Someterse ás actuacións de comprobación, así como a calquera outra actuación que puidesen efectuar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.

O incumprimento das obrigas especificadas no parágrafo anterior suporá a perda do dereito ao cobro da axuda e, no seu caso, o reintegro da axuda xa percibida.

15. Modalidade de xustificación e pagamento

Por tratarse de axudas que se conceden pola acreditación dunha determinada situación, concretamente, a participación de deportistas vencellados ao Concello de Pontevedra nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024, a súa xustificación realizarase no termos previstos no artigo 30.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A xustificación realizarase coa presentación da solicitude dentro do prazo establecido e coa documentación prevista na Base 6.

As axudas serán aboadas unha vez sexan concedidas polo órgano competente. O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada na solicitude.

Para cobrar a subvención as e os deportistas deberán estar ao corrente das súas obrigas coas Axencia Estatal Tributaria, a Facenda Galega, coa seguridade social e co Concello de Pontevedra.

16. Renuncia a axuda e perda do dereito á cobranza

A renuncia a axuda por parte da persoa beneficiaria, unha vez que se iniciou o desfrute dela, deberá ser comunicada a través de escrito presentado na sede electrónica do Concello de Pontevedra.

A renuncia dará lugar a devolución dos importes recibidos, así como aos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pago da bolsa ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro, ou data na que a persoa debedora ingrese o importe que corresponde, se é anterior a aquela, de acordo co establecido no artigo 34.3 da LXS e no artigo 31.5 da LSG.

17. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse non seguintes casos:

- Cando se obteñan falseando as condicións requiridas.
- Cando non se apliquen para os fins para os que foron concedidos.
- Cando a persoa beneficiaria incumpra as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.





18. Interpretación

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta polo Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

19. Procedemento sancionador

Para o procedemento sancionador estarase ao disposto no título IV ("infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Título II da Ordenanza xeral de subvencións do Concello e dos seus organismos autónomos, (BOP 190, de 30 de setembro de 2004).

20. Protección de datos

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto das presentes bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega e obrigatoria.

O Concello de Pontevedra ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679- RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Pontevedra, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As solicitantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Pontevedra). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).





21. Recursos

Contra a aprobación das presentes bases, que pon fin a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, do 3 de xuño da xurisdición contencioso - administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o art. 124.2 da citada Lei 39/2015, na que se entende desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no art. 24, da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer un recurso contencioso -administrativo dentro do prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao que se debe entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de conformidade co establecido no art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedentes de acordo co dereito.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

